



AGRESIÓN OFF

A campaña «**Agresión OFF, Eu digo non á violencia sexual**» foi creada pola Xunta para levar a cabo en festivais musicais de Galicia co obxectivo de sensibilizar e evitar agresións sexuais contra as mulleres e loitar contra o acoso neste tipo de eventos.

A meta principal da campaña é que as mulleres sentan seguras nestes grandes eventos, e ao mesmo tempo, aproveitar a gran afluencia de público a eles para incidir na concienciación da sociedade sobre a violencia sexual.

Como parte das estratexias para desenvolver no marco desta campaña inclúese a presenza de casetas nos distintos festivais desde os que se distribúe distinto material informativo como o **Décálogo contra a violencia sexual**:

1. As agresións sexuais son un delito recolleito no Código penal.
2. Nada xustifica unha agresión: nin a forma de vestir, nin a exhibición do corpo.
3. Tes dereito a divertirche sen ser importunado/a ou agredido/a.
4. Tes dereito a pasalo ben e gozar en liberdade e con seguridade. A rúa, a noite e as festas tamén son das mulleres.
5. Sen consentimento non é unha relación, é unha agresión. O consentimento non é ilimitado e existe o dereito de repensalo e a non seguir. **NON É NON!**
6. Baixo a influencia do alcol e doutras substancias segue existindo o dereito para dicir non e se non hai un si é un non, sen que haxa outra interpretación.
7. Insistir cando che rexeitan é acosar. Non te poñas pesado/a.
8. Se necesitas axuda fronte a unha agresión chama ás 112 Emerxencias.
9. Se presenzas unha agresión sexista non a permitas, chama e denuncia.
10. Lembra que se sofres unha agresión sexual, sexa nas circunstancias que sexa non te sintas culpable porque a responsabilidade é sempre de quen agride.

Dende o Departamento de Orientación do CPI Atios de Valdoviño en colaboración coas persoas titoras dos gripos de secundaria, participamos por segundo ano consecutivo nesta iniciativa.

O alumnado de secundaria acude as casetas instaladas na casa da Cultura do Concello para recibir información sobre o tema da violencia sexual e como remtar con esta lacra da sociedade



Por outra banda se informa ao alumnado dush consellos prácticos que poden atopar no seguinte enlace:

<http://igualdade.xunta.gal/es/recursos/app-de-agresion#:~:text=Agresi%C3%B3n%20OFF%20es%20una%20App,para%20mayor%20apoyo%20e%20informaci%C3%B3n.>

FOTOS DA VISITA





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Teléfono:881 938 107
cpi.atios@edu.xunta.gal

